

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA 22 DE MARZO DE 2004**

CONCORRENTES

Presidente:

Don Juan Antonio Maceiras Barros (CIM)

Concelleiros

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)

Don José María Laya Carril (CIM)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Antonio Medín Pena (PP)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Manuel José Pérez Martínez (PP)

Don Luis Purriños Pena (CIM)

Don José Manuel Rodríguez Vidal (CIM)

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Dona Eva María Vilariño González (CIM)

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

Secretario:

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horas do día vintedous de marzo de dous mil catro, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública extraordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten os concelleiros seguintes: don Miguel Anxo Abreira Sobrado, don José María Laya Carril; dona María Rosario Manso López, don Antonio Medín Pena don José Paz Tenreiro; don José Manuel Pérez Martínez; don Luis Purriños Pena, don José Manuel Rodríguez Vidal; don Jesús Veiga Sabín; don Antonio Rodríguez Cortizas e dona Eva M^a Vilariño González.

Non asiste á sesión o concelleiro don Juan José Herva Mallo.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

1.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.- Aberta a sesión pola Presidencia, o Sr. Veiga Sabín manifesta que non se recolle na acta da sesión do día 26-2-2004 na que se constitúe unha comisión informativa especial, que as asistencias a esta comisión serán gratis, polo que non se cobrará por asistir ás reunións desta. Non habendo outras observacións, as actas das sesións correspondentes aos días 13, 14 e 26 de febreiro de 2004 quedan aprobadas por unanimidade.

2.- PETICIÓN DE AXUDA PARA A IMPLANTACIÓN DA AXENDA LOCAL 21.- Dáse lectura á seguinte Resolución da Alcaldía: "Informados da Orde do 28 de xaneiro de 2004 da Consellería de Medio Ambiente (DOGA núm. 25 do 6-2-2004) pola que se convoca e regula o réxime de concesión de axudas destinadas a entidades locais de Galicia para a implantación da Axenda Local 21, aprobada na Conferencia de Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento, elaborada en Río de Janeiro en 1992, e estimando conveniente e beneficioso para o municipio a participación na convocatoria, por razóns de urxencia e sen prexuízo de que sexa ratificado polo Pleno do Concello, tiven a ben resolver:

1º.- Participar na convocatoria de solicitude de axudas a subvencións da Consellería de Medio Ambiente, solicitando unha subvención de 60.000,00 euros, para a implantación da Axenda Local 21 neste municipio de Miño.

2º.- Aprobar o proxecto de implantación da Axenda Local 21, no que se reflicten os obxectivos xerais a alcanzar e o orzamento estimado que reflicte un custo de 60.000,00 euros.

3º.- Expresar o firme compromiso do municipio de Miño á adhesión á Carta de Aalborg.

4º.- Que destes acordos se dea conta ao Pleno para a súa ratificación se procede, na primeira sesión a celebrar."

O Pleno do Concello acorda por unanimidade ratificar os acordos da resolución anterior.

3.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2003.- En cumprimento do que dispón o art. 174.4 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, dáse conta ao Pleno e quedan informados da aprobación da liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2003, pola Resolución da Alcaldía do día 27-2-2004 e en cumprimento do establecido no art. 174.5 da dita lei, que se lles remita unha copia á Administración do Estado e outra á Comunidade Autónoma.

4.- APROBACIÓN DA PROPOSTA PARA O EXERCICIO DE ACCIÓNS XUDICIAIS CONTRA A ADMINISTRACIÓN DO ESTADO POLA INADMISIBILIDADE DAS SOLICITUDES MUNICIPAIS DE OBRAS DE CORRECCIÓN MOTIVADAS NO INFORME TÉCNICO SOBRE IDENTIFICACIÓN DE DEFICIENCIAS DO PROXECTO "EIXO ATLÁNTICO DE ALTA VELOCIDADE. TRAMO: A CORUÑA-FERROL".- Dáse conta aos presentes do informe xurídico elaborado pola Mercantil SETOCUR en relación á viabilidade da interposición dun recurso contencioso administrativo contra a Administración do Estado pola desestimación presunta e falta de resolución expresa das solicitudes municipais de obras de substancian e correctoras de deficiencias a ter en conta no proxecto de construción da obra pública Eixo Atlántico de Alta Velocidade. Tramo: A Coruña-Ferrol, en que tras a súa deliberación se conclúe:

"De conformidade con todo o exposto, faise imprescindible para unha axeitada defensa da totalidade dos intereses municipais xerais afectados, a interposición de recurso contencioso-administrativo contra a falta de resolución expresa das solicitudes presentadas. Unha vez interposto o recurso que se tramitará polo procedemento ordinario e aprobado definitivamente o estudio informativo, ampliarase o recurso a dita resolución se esta fora contraria ás pretensións do municipio de forma que nun único procedemento se proceda a defender os intereses do Concello de Miño. No caso improbable de que polo tribunal competente non se admitira a acumulación, deberase seguir incuestionablemente un novo recurso correspondente contra a resolución recaída no estudio informativo".

Sometido o asunto a votación, o Pleno acorda por unanimidade:

PRIMEIRO. A interposición de recurso contencioso-administrativo contra a Administración do Estado ante a desestimación por silencio administrativo das solicitudes municipais presentadas ante o Ministerio de Fomento e Ministerio de Medio Ambiente, a ter en conta no proxecto de execución da obra pública "Eixo Atlántico de Alta Velocidade. Tramo: A Coruña-Ferrol" e que foron presentadas polo Concello de Miño na data do once de novembro de dous mil tres, así como cantas outras actuacións sexan precisas, nesta ou noutras instancias xudiciais superiores, tendentes todas elas á consecución e defensa dos intereses xerais municipais.

SEGUNDO. Facultar o alcalde para outorgar poderes de representación procesual a favor de:

* Dona Ivana Rouanet Mota, Procuradora dos Tribunais de Madrid.

* Don Rafael Peralta Muro núm. colexiado 11.999, Don José Luis Espinosa Calabuig núm. colexiado 5.520, respectivamente, do Colegio de Abogados de Valencia e Don Pablo Soteras Enciso núm. colexiado 4.140 do Real e Ilustre Colegio de Abogados de Zaragoza.

TERCEIRO. Aprobar o gasto correspondente ás custas xudiciais do correspondente Contencioso.

CUARTO. Aprobar o expediente de contratación e o clausurado que figura como anexo ao presente da empresa mercantil SECOTUR, consultora e asesora técnica e xurídica no presente procedemento.

QUINTO. Notifíquese aos Servizos Económicos e procédase ao pagamento contra presentación de factura, unha vez verificados os traballos con dereito a aboo relacionados co expediente de contratación anteriormente indicado, dentro do prazo para a forma de pagamento.

SEXTO. Notifíquese a presente á adxudicataria resultante, SECOTUR S.L., con domicilio a efectos de notificacións, C/ Gasco Oliag nº8-pta.8., 46010 Valencia, ao seu administrador D. Fernando Girao Blasco con D.N.I. 51.055.468-E.

Déase conta ao negociado municipal de intervención."

O concelleiro Sr. Rodríguez Cortizas manifestou que o seu grupo en principio está en contra, xa que non foron atendidas as súas peticións; a Presidencia contesta que isto non ten nada que ver co trazado; o Concello por unanimidade solicitou o trazado que non afectaba ao campo de golf e que por SECOTUR se presentara reclamación polos posibles danos que causen as obras; debemos presentar xudicialmente este recurso, xa que así cando se executen as obras podemos reclamar os danos e deficiencias que poidan causar as obras; replica o Sr. Rodríguez Cortizas que non tivo en conta a súa suxestión cando se acordou que cada grupo político podería presentar reclamacións, ademais o proxecto foi redactado polo P.P. e o recurso irá contra o novo goberno que se forme; a Alcaldía sinala que o que Fomento nos pediu era que nos decidiramos por un dos trazados e así se acordou, e en previsión de que os dereitos que nos poidan corresponder os poidamos exercer coa maior garantía, presentamos este recurso e así facemos unha reserva de dereitos por se o Ministerio de Fomento ao executar as obras, realiza actuacións que son contrarias aos intereses municipais, polo que lle agradecería reconsiderase o seu voto negativo. O Sr. Rodríguez Cortizas manifestou que o reconsidera e o seu voto será a favor, polo que por unanimidade se aproba a proposta como quedou reflectido anteriormente.

5.- SESIÓN ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.- Dáse conta da proposta da Alcaldía para que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local teñan lugar os luns de cada semana ás 13,00 horas e se fora festivo celebraríase o día anterior.

6.- PETICIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A MELLORA E EQUIPAMENTO DA CASA DO CONCELLO.- "Informados da Orde do 29 de xaneiro de 2004 da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local (DGA núm. 30 do día 12-2-2004), pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras de construción, adaptación, mellora e equipamento das sedes das entidades locais de Galicia.

Este Concello, a teor do que establece o art. 1.2 da orde citada, pode ser beneficiario desta subvención, e ante a necesidade de mellorar as instalacións da Casa do Concello e adaptar o edificio suprimindo as barreiras arquitectónicas, o Pleno do Concello por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a memoria técnica das obras de reforma e equipamento da Casa do Concello de Miño, redactadas polos arquitectos Sres. Sánchez Agustino, cun orzamento total de 714.988,60 euros, incluídas obras, equipamento e honorarios.

2º.- Solicitar da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local unha subvención de 571.990,88 euros, igual ao 80% do total do orzamento.

3º.- Facultar o Sr. alcalde tan amplamente como en dereito sexa necesario, para formalizar a petición e realizar as xestións que procedan a este fin.

O concelleiro do BNG Sr. Abreira Sobrado manifestou que a Casa do Concello é insuficiente no espazo e aínda que isto sexa un parcheo, imos votar a favor, se ben o noso desexo é que a Casa do Concello se instale en Rabazal. A Presidencia contesta que o que pedimos é unha subvención para mellorar as instalacións, ademais que estamos obrigados a suprimir as barreiras arquitectónicas.

7.- ACCESOS Á N-651 E ESTRADA POR BAÑOBRE.- Dáse lectura á seguinte proposta da Alcaldía "Estase tramitando o desenvolvemento dunha zona

residencial deportiva en Perbes-Vilanova, na que se situará un campo de golf, máis de mil vivendas, un hotel, unha área de ocio, etc. Esta actuación urbanística ten unha enorme importancia para Miño, e o Concello sente unha gran preocupación, por todo o que afecta aos accesos, xa que sobre todo na época de verán, poderémonos atopar con grandes dificultades e atascos nas vías de circulación, se non conseguimos modificar as vías actuais e executar outras que dean cabida e fluidez ao tráfico.

Para conseguir este obxectivo, a Alcaldía propón ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Que se interese do Ministerio de Fomento e Autoestradas do Atlántico, a construción dun vial de conexión coa AP-9, a través do polígono de Vidrieiro, como figura no plan parcial de desenvolvemento da zona sinalada anteriormente.

2º.- Solicitar da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, a construción dunha estrada que una Miño e a urbanización de Perbes-Vilanova, polo núcleo de Bañobre, a cal ten unha gran importancia para desconxestionar o tráfico da estrada da praia Grande de Miño, modificando o acceso de Miño á AP-9."

O Pleno do Concello acorda por unanimidade ratificar os acordos anteriores e que se remita certificación destes acordos aos organismos afectados.

Non habendo máis asuntos na orde do día, a Presidencia levanta a sesión ás vinte horas e trinta e cinco minutos, redactándose a presente acta, de todo o cal, eu o secretario, dou fe.

O presidente,

O secretario,